

# PLAN DE IGUALDADE



IES A PINGUELA  
Estrada de Sober s/n  
27400 MONFORTE DE LEMOS (Lugo)  
☎ Telf: 982 82 80 51  
☎ Fax: 982 82 80 66  
✉ [ies.pinguela@edu.xunta.gal](mailto:ies.pinguela@edu.xunta.gal)  
<http://www.iesapinguela.gal/>  
<http://www.facebook.com/iesapinguela>

## 1. INTRODUCCIÓN

Presentamos neste documento o Plan de Igualdade do IES A Pinguela (Monforte de Lemos, Lugo), seguindo a instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e innovación educativa, para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/2020, nos centros sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación profesional.

Se ben dende hai anos estamos no centro a traballar en igualdade, non temos un documento que recolla todas as actuacións que se están levando a cabo nesta materia, polo que no presente curso elaboramos este Plan de Igualdade que recollerá todas as accións en materia de igualdade, coeducación e prevención da violencia de xénero. Este Plan será dado a coñecer a todos/as os/as membros da comunidade educativa.

A elaboración do Plan correspóndelle ó equipo educativo, co asesoramento do departamento de orientación e profesorado implicado en igualdade, educar en igualdade é responsabilidade de toda a comunidade polo que todos estamos implicados no desenvolvemento deste plan dende claustro, persoal non docente e familias.

Os centros de ensino, en canto que transmiten normas e valores, son espazos idóneos para previr condutas e romper estereotipos. De ahí a necesidade de elaborar este documento.

O devandito Plan de Igualdade do IES A Pinguela insírese, xa que logo, no I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros de Galicia 2016-2020, co obxectivo de desenvolver o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e incidir na prevención da violencia de xénero.

É preciso asemade ter en conta outros documentos prescritivos en materia de Igualdade, coma o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia (15/6/2017), ou a Estratexia galega de convivencia escolar 2015-2020.

## 2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Este Plan de Igualdade asenta nos marcos legislativos estatais e autonómicos:

### **Marco legal de ámbito estatal**

- A Constitución Española proclama de 1978 no seu artigo 14, o principio de igualdade ante a Lei sen que poda prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social e, no artigo 9.2. establece que os poderes públicos promoverán as condicións para que a liberdade

e a igualdade sexan reais e efectivas, removerán os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitarán a participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social. Polo tanto, a igualdade entre homes e mulleres preséntase como un principio básico e un dereito fundamental dentro do noso marco legal.

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación
- Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

### **Marco legal de ámbito autonómico**

- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ORDE do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.

Este Plan de Igualdade desenvólvese nunha cidade pequena, Monforte de Lemos, no interior da provincia de Lugo e nun centro mediano, o IES A Pinguela. Este centro recibe na ESO alumnado do casco urbano pero tamén unha alta porcentaxe que procede do rural xa que os dous únicos centros adscritos ó noso instituto son os colexios dos concellos próximos de Sober e Pantón.

No IES A Pinguela estase a impartir ensino regrado nas etapas da ESO, de BAC (Ciencias, Humanidades e CCSS), FP Básica de Servizos administrativos, ciclos formativos de grao medio da familia profesional de Imaxe persoal, Informática e Administración e ciclos formativos de grao superior das familias profesionais de Imaxe persoal, Administración e Informática. Trátase, asemade, dun centro que dende o ano 2007 conta cun certificado de Calidade de AENOR e dende o ano 2017 co distintivo “*Sello de Vida Saludable*” do Ministerio de Educación.

Tras unha visión xeral da situación do centro temos que ter en conta:

- Con respecto á violencia e desigualdade, constatamos a existencia de estereotipos sexistas e de dominio de homes sobre mulleres.
- Temos un baixo índice de absentismo en ESO, aumentando en bacharelatos e sobre todo en FP Básica e Ciclos.
- Alto grado de fracaso escolar.
- Condutas disruptivas, principalmente en chicos.
- Alumnado con escaso apoio familiar nos seus estudos.
- Nalgúns casos, dificultades de comunicación coas familias.

### 3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA

A pesar de non ter un Plan de Igualdade, no noso instituto levamos anos realizando actividades encamiñadas a promocionar a igualdade como son:

1. Impartición da materia de libre configuración Igualdade de xénero desde o curso 2017/2018, ó alumnado de 1º e 2º de ESO e a profesora que a imparte participa como docente nos Cursos de Formación inicial en Igualdade da Consellería de Educación, ademais de desenvolver no centro o I+I (Aulas inclusivas e igualitarias do Plan Proxecta).
2. Realización de actividades de igualdade de xénero que levamos a cabo todos os anos ao longo do curso, especialmente en datas sinaladas (25 novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia de Xénero, 8 marzo, Día Internacional da Muller, 30 xaneiro, Día da non Violencia e a Paz, ...)
3. Colaboración con distintas entidades participando nas actividades que organizan relacionadas coa non violencia: Concello de Monforte de LEMOS, CIM de Monforte de Lemos, Deputación, ...
4. Actividades de coeducación que dende o departamento de orientación se levan a cabo durante as titorías dentro do Plan de Acción titorial.

Estas son, a grandes trazos, as fortalezas das que parte o centro en materia de Igualdade.

Agora ben, no tocante ás debilidades, cómpre sinalar que no centro non existe como tal un Plan de Igualdade nin un diagnóstico da situación de igualdade de xénero e da violencia machista que, sen dúbida, existe en maior ou menor medida. A coeducación non é, polo momento, unha marca de identidade do Proxecto educativo do centro, nin se participa de maneira transversal -a non ser desde a materia de Igualdade de xénero- en Plans de formación do profesorado sobre a perspectiva de xénero.

Semella, xa que logo, urxente, establecer un diagnóstico claro da situación real da igualdade de xénero no centro, dado que algúns pequenos indicadores amosan que o rexistro de condutas contrarias á convivencia é maiormente masculina; que o uso dos espazos escolares de xogo non é igualitario, e que a distribución da matrícula en materias de libre configuración, por exemplo, sinala unha absoluta tendencia dos alumnos a escoller materias relacionadas cos estereotipos masculinos da racionalidade fronte á ausencia de alumnas nestas materias (en xadrez non hai nenas, por exemplo). As aulas TIC nos recreos son empregadas exclusivamente por nenos, e cando se realizan actividades lúdicas as nenas non adoitan participar ou non son aceptadas en equipos de fútbol. Non se advirte unha intervención reeducadora neste senso.

#### 4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

##### XERAIS:

- Eliminar a discriminación por razóns de xénero no Centro e favorecer a igualdade entre homes e mulleres.
- Impulsar medidas organizativas e pedagóxicas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Impregnar toda a práctica educativa de valores coeducativos, como un eixe fundamental da convivencia escolar.
- Sensibilizar a toda a comunidade educativa respecto á necesidade dunha maior equidade de xénero e desmitificación de roles e estereotipos masculinos e femininos.
- Corrixir as desigualdades que se detecten mediante observación directa, enquisas, discusións en grupo ou exposicións individuais; previr condutas proclives á violencia de xénero e propiciar unha comunicación nos sexos baseada no respecto mutuo, no coñecemento adecuado dos sexos e no diálogo como medio de resolver as diferenzas.
- Establecer actuacións dirixidas a fomentar no alumnado a capacidade de elixir, de acordo cos seus intereses, capacidades, aptitudes, situación persoal, etc., a súa traxectoria académica e laboral futura, evitando a influencia de estereotipos sexistas.
- Promover un uso non sexista da linguaxe tanto dentro como fora das aulas.
- Favorecer a madurez da identidade sexual de modo que o feminino non apareza como subordinado ó masculino.
- Inculcar a/os alumnas/os a importancia de ser persoas libres, autónomas e non dependentes, para establecer relacións equilibradas e construtivas.

## CO PROFESORADO

- Sensibilizar ó claustro para que se sinta implicado e recoñeza a necesidade de abordar unha estratexia de educación pola Igualdade.
- Promover o uso dunha linguaxe non sexista na aula.
- Visibilizar e recoñecer a contribución das mulleres nas distintas facetas da historia, a ciencia, a política, a cultura e o desenvolvemento da sociedade.
- Promover a detección de situacións de desigualdade por razóns de sexo.
- Impulsar medidas organizativas e pedagóxicas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Potenciar a práctica de xogos que non sexan violentos nin sexistas.

## COS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS

Velar polo cumprimento dos contidos coeducativos no deseño das programacións elaboradas e avaliar as actividades realizadas.

## CO ALUMNADO

- Educar en valores tanto no ámbito familiar como escolar.
- Potenciar o uso dunha linguaxe non sexista.
- Incorporar o aprendizaxe de métodos non violentos para a resolución de conflitos e de modelos de convivencia baseados na diversidade e no respecto á igualdade de mulleres e homes.
- Espertar o espírito crítico do alumnado sobre a división de xéneros que nos chegan a partir da imaxe: publicidade, videoclips, video xogos, e cine.
- Inculcar valores e actitudes non estereotipadas.
- Promover valores de igualdade, colaboración, respecto, tolerancia...
- Motivar ó alumnado para que adquira a formación axeitada para fomentar a súa autonomía persoal e os coñecementos e habilidades para compartir responsabilidades domésticas, familiares e de coidado, e contribuír a eliminar comportamentos e actitudes sexistas.
- Orientar ó alumnado, vocacional e profesionalmente, evitando que a súa elección estea motivada por convencionalismos ou roles de xénero tradicionalmente aceptados.
- Estimular a nosas alumnas para que escollan profesións que normalmente foron consideradas so de homes, e que vexan que elas poden facelo igual de ben que os homes.
- Promover o respecto á libre orientación sexual e o rexeitamento a todo tipo de violencia ou agresión sexual.
- Fomentar a práctica de deporte nas chicas, especialmente daqueles que se consideraron tipicamente masculinos.
- Concienciar ó alumnado de que a mellor solución ante calquera conflito sempre debe ser pacífica e utilizar como medio o diálogo.

## COAS FAMILIAS

- Sensibilizar ás familias e favorecer a relación centro educativo-familia como aspecto fundamental na educación dos alumnos/as.
- Implicar ás familias no modelo de instituto coeducativo e lograr unha maior colaboración co centro.
- Estimular ás familias para que as nosas alumnas escollan profesións que normalmente se consideraron so de homes.
- Favorecer a implicación de pais e nais no proxecto, orientándoos nos principios básicos de coeducación para que fomenten unha educación máis igualitaria.

## CO PERSOAL NON DOCENTE

- Recoñecer o Proxecto e participar activamente nas actuacións recollidas neste.
- Promover o uso dunha linguaxe non sexista en notas, ó dar información, ....

Todo co obxectivo final de que as nosas alumnas e alumnos sexan nun futuro mulleres e homes iguais, coas mesmas oportunidades.

## 5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

### 5.1 ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

- + Establecer unha persoa responsable de coeducación no Consello escolar e colaboración con ela.
- + Diseñar unidades didácticas en cada programación de modo que reflicten de xeito claro e explícito os obxectivos que se pretenden conseguir en materia de igualdade, contidos, actividades, metodoloxía, recursos e avaliación das actividades realizadas.
- + Os equipos docentes incluírán na memoria final un informe sobre a evolución e grado de desenvolvemento da consecución dos obxectivos coeducativos que ó equipo corresponda para súa inclusión na Memoria Final del Centro.

### 5.2 ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- + Realizar un seguimento do uso dunha linguaxe non sexista e inclusivo en toda a documentación do centro, recursos e materiais didácticos, carteleiras, páxina web, comunicacións coas familias, ...
- + Poñer na web do centro unha sección dedicada á coeducación.
- + Realización de actividades complementarias e extraescolares. Cada mes levaremos a cabo, a lo menos, unha actividade relacionada coa non

violencia e igualdade de xeito que todo os niveis educativos (ESO, BAC, FPB, Ciclos) teñan a lo menos unha actividade no curso:

- a. Outubro: 16, Día Internacional da Alimentación, realizar actividades para a prevención de enfermidades que afectan especialmente ás mulleres, como a anorexia, bulimia, ...
- b. Novembro: 25 día contra a violencia de xénero.
- c. Decembro: 6, a igualdade na Constitución
- d. Xaneiro: 30 xaneiro, Día da Non Violencia e da Paz.
- e. Febreiro: 14 día dos namorados, actividades sobre romper o mito do amor romántico.
- f. Marzo: 8 día da Muller.
- g. Abril: 23 día do libro, visibilizar as obras de autores LGTBI.
- h. Maio, 17 de maio día das letras galegas, destacar a figura da muller na literatura.

### 5.3. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- + Mantemento dun taboleiro de coeducación e Igualdade con anuncios, noticias e actividades a destacar.
- + O Departamento de Orientación, dentro do POAP, elaborará actividades de orientación vocacional non sexista en Bacharelato.
- + Na biblioteca do centro poñer unha sección dedicada a coeducación e propor unha ampliación dos fondos bibliográfico e documental coeducativo.
- + Evitarase realizar no centro actividades diferenciadas por sexo.

### 5.4. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- + Elaboración dunha proposta de actividades puntuais e concretas para traballar a coeducación nas aulas en todas as etapas. Nos ciclos serán os departamentos didácticos os que especifiquen como e cando se vai traballar estas actividades que quedarán reflectidas na memoria do departamento.
- + Colaboración e participación, na medida do posible, nas actividades que dende outras entidades se organicen en materia de coeducación e igualdade: concello, CIM, deputación, cruz vermella, ...
- + O Departamento de Orientación, dentro do Plan de Acción titorial, programará actividades – taller nas horas de titoría para o alumnado de ESO.

## 6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

As actuacións se levarán a cabo ó longo de todo o curso escolar.

Para a avaliación se utilizará:



1. Observación sistémica e directa.
2. Rexistro das actividades e valoración das mesmas por parte do alumnado e do profesorado.
3. Elaboración, por parte da responsable de Igualdade, dunha memoria final facendo constar os logros acadados, as dificultades acadadas e o grado de consecución dos obxectivos e propostas de mellora. Dita memoria pasará a formar parte da memoria do centro (revisión do sistema).

## ANEXO I: PROTOCOLO IDENTIDADE DE XÉNERO

### 1. XUSTIFICACIÓN:

A escola cumpre una función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste sentido, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores como igualdade/ pluralidade/diferencia/respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola, polo tanto, é un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais.

Unha escola verdadeiramente inclusiva, como a proposta desde a lexislación, ten que respectar a identidade de cada persoa e normalizar calquera situación.

A Xunta no ano 2016 elaborou un protocolo col que poñer a disposición dos centros medidas tendentes a guiar as actuacións en materia organizativa e de resposta do sistema educativo para garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual.

A partir de estas recomendacións, o centro establece no seu Plan de Convivencia as medidas particulares necesarias para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa. Prestando una especial atención ós menores de idade, así como garantir que todas as normas/medidas e actuacións previstas no Plan de Convivencia e nas NOFC do centro se redacten cunha perspectiva de xénero que garanta la diversidade afectivo-sexual e de identidade sexual.

Unha vez aclarada a necesidade deste documento que formará parte do Plan de Convivencia do nos IES, resulta imprescindible realizar unha breve aclaración conceptual:

- IDENTIDADE DE XÉNERO: sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos seus xenitais ou dotación cromosómica da persoa.
- IDENTIDADE REXISTRAL: é a que se fai no momento do nacemento.

- **TRANSEXUALIDADE:** situación na que se encontran as persoas con identidade rexistral que non coincide coa súa identidade de xénero.
- **CISEXUALIDAD:** situación na que se encontran as persoas nas que coincide a identidade rexistral e de xénero.
- **ORIENTACIÓN SEXUAL:** é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara outras persoas.

A condición de persoa transexual é un fenómeno biolóxico innato (a identidade de xénero residen no cerebro, formándose ós 3-4 anos. Unha vez determinada, é invariable, non é deliberada nin un trastorno mental ou de comportamento. É unha condición coa que se nace, que pode manifestarse a partir dos 2 anos y medio.

A identidade de xénero de cada persoa é vivida de forma única e individualizada, polo que non podemos abordar esta cuestión desde a homoxeneidade. Por elo as necesidades de apoio y acompañamento, tanto organizativas como educativas, serán diferentes en cada persoa.

A manifestación en menores de desconformidade coa súa identidade de xénero poden supoñer unha situación de especial vulnerabilidade e chegar a provocar problemas como o rexeitamento social o incluso acoso, que incide en las experiencias educativas.

Estas situacións poden desembocar en abandono escolar tempera con repercusións negativas no futuro persoal e profesional.

## **2. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES**

Tendo en conta que este documento formará parte do Plan de Igualdade do centro e que este apartado figura en dito documento, compre recorrer ao mesmo.

Non obstante, atendendo as peculiaridades deste , creo necesario destacar o seguinte:

- Non temos alumnado transexual.
- Non contamos con asociacións, na contorna, que poida colaborar con nos na organización de actividades a prol da diversidade sexual.
- Nin na nosa Biblioteca, nin na do Concello, existe material, actualizado nin axeitado, acerca da diversidade sexual.
- A formación do noso profesorado no campo da sexualidade, a diversidade afectivo-sexual e a identidade sexual é deficiente.
- Non contamos con información acerca de como se concibe a diversidade afectivo-sexual e a identidade de xénero na familia, no profesorado e na contorna.

- noso alumnado non comprende a diferenza entre identidade de xénero e identidade rexistral, ou entre transexualidade e cissexualidade.
- As actuacións que se estaban a desenvolver no centro en relación a Educación Sexual son as conferencias, impartidas polo centro QUÉROTE +, para alumnado de 3º ESO e as que imparte a Educadora Social do Centro de Prevención de Drogodependencia de Monforte.

### **3. OBXECTIVOS**

- Aceptar a diversidade afectivo-sexual como unha realidade social.
- Recoñecer a transexualidade como un fenómeno biolóxico innato.
- Desenvolver a propia autonomía e a identidade persoal con independencia do sexo.
- Recoñecer e integrar á diversidade, en particular a sexual, como valor e riqueza.
- Potenciar o valor da afectividade, sensibilidade, emoción, bondade e tenrura con independencia do sexo.
- Descubrir a igualdade de posibilidades e a equivalencia nas aportacións de homes e mulleres.
- Aceptar, valorar e respectar as características das outras persoas sen deixarse influenciar por actitudes discriminatorias.
- Colaborar na construción e desenvolvemento dunha sociedade ou relacións interpersoais baseadas no recoñecemento e respecto á individualización, singularidade e ós dereitos de toda persoa.
- Identificar e realizar unha análise crítica das manifestacións sexistas ou discriminatorias que se produzan na linguaxe, ambiente social e cultural, na publicidade, nos medios de comunicación,...

### **4. PAUTAS DE ACTUACIÓN:**

- Cando se comunique por escrito ao centro educativo dunha identidade de xénero diferente da que foi asignada no nacemento, tomaranse as medidas necesarias para garantir os dereitos que lle asisten, así como un adecuado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.
- equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á XDO para que se analice o caso e actívense os recursos que poidan ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e na atención ao principio de inclusión.
- Cando os servizos de saúde realicen a valoración neste sentido dun menor de idade escolarizado, a través da familia e co seu consentimento, poderá remitir ao centro educativo aquela información e orientación que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciarse, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

## 5. ACTUACIÓNS A LEVAR A CABO POLO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Cando sexa informado dunha situación de identidade de xénero diferente da asignada no nacemento, facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:

- A comunicación da situación á dirección do centro, por escrito, para activar as medidas que sexan procedentes.
- Recursos sociais e sanitarios que están a súa disposición, no caso de que a familia ou persoa interesado necesite apoio ou axuda en este ámbito.

Realizará, con autorización da familia, unha avaliación psicopedagóxica mediante a cal se poderán detectar posibles necesidades educativas., que plasmará en informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións e atención á diversidade apropiadas (dirixidas tanto ao alumnado como aos restantes membros da comunidade educativa) de acordo coa normativa en atención á diversidade, o plan de convivencia do centro e as orientacións nesta materia.

- Cando un alumno menor de idade, non emancipado, comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia, o centro educativo facilitará ao devandito alumno o seu apoio e mediación na comunicación coa familia, así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- Cando na actitude da familia ou algún membro da comunidade educativa, detéctense claramente indicadores de malos tratos por identidade de xénero do menos, activaranse as actuacións previstas con carácter xeral nos instrumentos de convivencia do centro e, no seu caso, en vos protocolos de atención aos malos tratos infantís.
- departamento de orientación, conxuntamente co profesorado, adoptará medias para a información e formación da comunidade educativas coa finalidade de que o menor poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto á realidade transexual.

## 6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á NECESIDADE DO MENOR:

- Se calquera membro do persoal docente observa nun alumno/a manifestacións ou comportamento repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non

coincidir co sexo asignado no nacemento, sen que familia advertise nada ao respecto, debe informar á dirección do centro. A dirección, xunto co titor, e co apoio do DO, establecerá unha reunión coa familia para abordar a situación percibida, poñéndose á disposición da familia a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.

- Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro, e o informe psicopedagóxico, a dirección establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e familia, XDO e titor/a. Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do Plan de convivencia do centro, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.
- Se algún dos representantes legais do menor opuxésese á adopción destas medidas, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.
- Unha vez establecidas as medidas, daranse traslado da seguinte maneira:
  - Titor/a traslada ó equipo docente as cuestións relevantes e as súas funcións.
  - Na reunión do Claustro comunicaranse todas aquelas medidas que afecten á totalidade dos docentes.
  - A secretaría do centro trasladará a información estritamente necesaria ó persoal non docente.

## **7. MEDIDAS ORGANIZATIVAS:**

- Dacordo cos principios de igualdade e inclusión, non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo.
- A comunidade educativa dirixirase ó alumnado obxecto deste protocolo polo nome que se acorde na reunión indicada con anterioridade. Tamén se utilizará ese nome en documentación non regulamentada legalmente.
- Facilitarase ó alumnado o acceso ós vestiarios ou aseos que corresponda co xénero co que se sente identificado. A tales efectos adoptaranse as medidas organizativas que se estimen.
- Garantirase o dereito a elixir a súa propia imaxe e a adaptala ó xénero que sente como propio.
- O centro comprométese a difundir a realidade sobre a identidade de xénero entre a comunidade educativa.
- O centro garantirá o dereito a privacidade do alumnado implicado.

- Na reunión de coordinación sinalado con anterioridade, o centro determinará como proceder no tránsito do alumnado (adaptando dita forma de actuar as necesidades particulares de cada alumno/a).

## **8. MEDIDAS PARA A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA:**

- Actuacións de información e sensibilización sobre a diversidade sexual e de xénero dirixidas o alumnado, con especial atención ó recoñecemento e normalización da realizade transexual; incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo. Todas estas actuacións enmárcanse dentro do PAT.
- Dotar a biblioteca do centro de material sobre diversidade sexual accesible para os diversos membros da comunidade educativa.
- Sensibilizar ao profesorado sobre a necesidade de formarse, a través de plans de formación ou da realización de actividades formativas, en relación a diversidade sexual e moi especialmente acerca da realidade transexual.

## **9. MEDIDAS DE PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN ANTE POSIBLES CASOS DE DISCRIMINACIÓN, ACOSO ESCOLAR, VIOLENCIA DE XÉNERO OU MALTRATO INFANTIL POR IDENTIDADE DE XÉNERO:**

Calquera membro da comunidade educativo está obrigado a informar da existencia dun posible caso de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil froito da identidade de xénero da persoa. O centro dispón de formularios de rexistro de ditos casos no Plan de Convivencia do centro e nos protocolos de Acoso escolar e Ciberacoso, así como o protocolo de prevención da violencia de xénero.

Neste documentos tamén se indican o procedemento a seguir para confirmar a existencia de dita situación e as actuacións que serán precisar levar a cabo.

No caso de confirmar que estamos ante unha conduta contraria a convivencia no centro aplicaranse as medidas recollidas nas NOFC.

O centro tamén porá en coñecemento dos organismos externos que corresponda, aqueles casos que requiran da intervención de ditos organismos.

## **10. AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO**

Unha vez aplicado é preciso avaliálo, para elo compre apoiarnos nos criterios de avaliación. Algúns dos cales poden ser:

- Satisfacción dos implicados/as.
- Incremento das relacións de amizade/ compañeirismo entre o alumnado.
- Diminución dos conflitos interpersoais.
- Adecuación da información proporcionada á alumnado, profesorado e familias acerca do protocolo de identidade de xénero.
- Incremento da participación dos diferentes membros da comunidade nas actuacións preventivas desenvolvidas.
- Adecuación das actividades e recursos empregados.
- Sensibilización de toda a comunidade educativa en temas relacionados coa diversidade sexual.

Esta avaliación non só é preciso realizala ao finalizar cada curso académico, senón tamén durante o desenvolvemento do mesmo, e se debe dirixir tanto á consecución dos obxectivos propostos como ó deseño, desenvolvemento e implementación do protocolo establecido.

Algúns instrumentos que podemos utilizar son rexistro de actividades, entrevistas, observación directa e participativa.

Os procedementos que podemos utilizar son: a autoavaliación e a coavaliación.

Os responsables da avaliación son todos os que interveñen de forma directa: profesorado responsable da atención e apoio á presunta vítima, profesorado responsable da tramitación, titores/as, equipo directivo, departamento de orientación, alumnado e profesorado (implicado e non implicado en posibles situacións de acoso ou ciberacoso). E entre os axentes externos: familias, servizos sociais do concello, ..

O remate de cada curso escolar a Comisión de convivencia valorará a efectividade ou non deste protocolo, realizando as propostas de mellora que considere oportunas.

## **ANEXO II: PROTOCOLO DE ACTUACIÓN FRONTE UN POSIBLE CASO DE VIOLENCIA DE XÉNERO**

### **1. XUSTIFICACIÓN:**

Tal e como se indica no Protocolo de Consenso para a sensibilización en Igualdade de Xénero e Prevención da Violencia de Xénero na educación en Galicia, editado pola Xunta de Galicia no seno da Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020; todo centro educativo debe traballar de forma activa na prevención e sensibilización na loita contra a violencia de xénero e

debe contar cun procedemento de actuación ante unha posible situación de violencia de xénero que afecte directa ou indirectamente ao seu alumnado.

O IES enmarca as súas actuacións en prol do prevención e sensibilización na loita contra a violencia de xénero no PAT e no Plan de Convivencia Escolar, pero carecía dun protocolo de actuación ante un posible caso de violencia de xénero; motivo polo que se elabora este documento que formará parte de dito Plan de Convivencia como un dos seus anexos.

## **2. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES.**

Este protocolo elaborouse partindo do marco legal vixente e diversos documentos do centro, de xeito moi especial o Plan de Convivencia do Ies A Pinguela; do que forma parte este documento. Polo tanto, compre recorrer ao Diagnóstico de Necesidades de dito Plan de Convivencia así como á Memoria do mesmo que elabora todos os cursos a Comisión de Convivencia.

Ao análise destes documentos debemos engadir a información aportada polos diversos titores/as respecto a situacións de violencia de xénero comunicadas polas nais do noso alumnado.

Así pois, podemos sinalar que é preciso o deseño deste protocolo xa que contamos con varios alumnos/as que se atopan nesta situación.

## **3. OBXECTIVOS:**

- Sensibilizar á comunidade educativa na loita contra a violencia de xénero, na medida en que pode contribuír a modificar e erradicar actitudes machistas e sexistas.
- Promover a tolerancia e o respecto, á marxe de prexuizos e estereotipos machistas e propiciar modelos de relacións igualitarias entre o noso alumnado.
- Previr e detectar de forma precoz aquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
- Apoiar ao alumnado vítima de violencia de xénero e ás persoas que vivan nos seus fogares esta situación.
- Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor



dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.

#### **4. PAUTAS DE ACTUACIÓN:**

##### **A. Identificación dunha situación de violencia de xénero entre o alumnado:**

Refírese á existencia de violencia de xénero no marco dunha relación adolescente (alumna que sofre violencia de xénero por parte da súa parella ou compañeiro) ou no fogar (fillas ou fillos de mulleres que se atopan nunha situación de violencia de xénero).

En ámbolos dous casos, na contorna da adolescente ou no fogar, calquera persoa da comunidade educativa que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de violencia de xénero, deberá comunicalo inmediatamente á dirección do centro.

Para que isto sexa posible é necesario trasladar entre toda a comunidade educativa, a obriga de implicarse na loita contra a violencia de xénero e establecer ferramentas e recursos que faciliten o traslado de dita información (canles de comunicación anónima, persoas mediadoras de referencia, instrucións sobre como actuar, espazos que xeren confianza, actitudes de empatía e compromiso, etc.)

O centro deberá facilitar información e formación, todos os cursos académicos, sobre os principais indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero.

Cadro 1. Principais indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero.

<b>Indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero por parte da parella ou compañeiro do centro</b>	<b>Indicadores compatibles coa existencia dunha situación de violencia de xénero no fogar</b>
• Cambio de imaxe (por parte da moza).	• Incremento do absentismo escolar e das faltas non xustificadas.

<ul style="list-style-type: none"> <li>• Actitude por parte do mozo de control, posesión e chamadas de atención cara á moza (no caso de ser parella un alumno do mesmo centro).</li> <li>• Burlas, humillacións, insultos, empurróns por parte da parella ou compañeiro do centro.</li> <li>• Mazaduras, marcas ou sinais no corpo da moza.</li> <li>• Cambios de actitude por parte da moza.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ausencia ou falta de interese nas actividades de carácter extraescolar.</li> <li>• Cambios bruscos de actitude e irascibilidade tanto co alumnado como co persoal docente (inestabilidade).</li> <li>• Modificación na conduta e no carácter do menor.</li> </ul>
<p><b>En calquera das situacións</b></p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Diminución do rendemento escolar e da atención.</li> <li>• Dificultades para concentrarse.</li> <li>• Illamento e menor relación co resto de compañeiros e compañeiras tanto na aula coma noutros espazos.</li> <li>• Incremento repentino de faltas por motivos médicos.</li> <li>• Mostras de esgotamento, mareos, estrés, ansiedade, etc.</li> <li>• Descenso da autoestima.</li> </ul>	
<p><b>Indicadores compatibles cunha situación de violencia de xénero a ter en conta coa familia</b></p>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Percíbese maior irascibilidade e cambios de humor repentinos.</li> <li>• Illamento na contorna adolescente e tamén no eido familiar.</li> <li>• Reduce o tempo de ocio, esparexemento, intereses persoais e incrementa o tempo destinado a estar coa parella.</li> </ul>	

- Vixilancia e necesidade de manter contacto permanente coa parella (abuso de teléfono móbil, redes sociais e novas tecnoloxías en xeral).
- Modificación de conduta e comportamento (formas de vestir, pensamentos e crenzas, prioridades e preferencias vitais, etc.) na moza.
- Cambios na autoestima, intelixencia social e emocional e modos de relacionarse.
- Alternancia de discusións e reconciliacións coa parella.
- Discusións e enfrontamentos na contorna e entre a familia, como consecuencia da relación adolescente.
- Xustificación das actitudes, comportamentos e reaccións do mozo agresor por parte da moza.
- Exposición por parte do mozo a modelos de pensamento e crenzas patriarcais e machistas.

## **B. Valoración da situación e adopción do itinerario de actuación:**

### **1. Valoración da situación e adopción do itinerario de actuación:**

A actuación e resposta por parte do centro dependerá do risco identificado e constatacións dos feitos e circunstancias na que se atopa a alumna que sofre a violencia de xénero xa sexa por parte da parella ou dalgún compañeiro, ou ben alumnado que sofre violencia de xénero no fogar.

En todo caso, a dirección do centro procederá a convocar de forma inmediata unha reunión coas seguintes persoas:

- Titora ou titor da alumna que sofre a violencia de xénero.
- Titora ou titor da persoa que presuntamente exerce a violencia de xénero (sexa parella ou non).
- Departamento de orientación do centro.

O obxectivo desta reunión inicial será recompilar toda a información posible, analizala e planificar o itinerario a seguir (reunións, responsabilidades, proceso de investigación, comunicación oficial, etc.) en función das características concretas e da situación existente.

Lémbrese a necesidade de rexistrar por escrito todas as reunións, especificando a información recollida e as actuacións acordadas (acta).

No suposto de que se constate que unha alumna sofre violencia de xénero por parte dun alumno do mesmo centro, as actuacións específicas a levar a cabo serían:

**A. Establecemento das medidas de protección que sexan necesarias para garantir a integridade física, psicolóxica e seguridade da alumna:**

- Asignación dunha persoa do centro educativo de apoio e atención á alumna.
- Solicitude de colaboración familiar para o apoio e seguimento das súas fillas e dos seus fillos.
- Reorganización do horario lectivo do profesorado para unha mellor atención da alumna.
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar á alumna nos lugares e momentos de maior risco (entradas, saídas, corredores, etc.).
- Decisións relacionadas cos cambios necesarios ou pertinentes na aula (tanto da moza como do mozo) traslado temporal ou definitivo a outro grupo, reestruturación ou colocación da aula, establecemento de regras ou normas, seguimento especializado sobre o grupo, etc.

**B. Tramitación do preceptivo expediente corrector de conduta graves contrarias á convivencia, establecido na Lei 4/2011, no Decreto 8/2015 e de acordo co Protocolo, orientacións e modelos/formularios.**

**C. Adopción de medidas disciplinarias ou correctoras ao alumno agresor, establecidas polo centro, de acordo coas previstas na normativa de convivencia:**

- Expulsión temporal ou permanente do centro.

- Participación en programas específicos de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos pro sociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión, roles e estereotipos de xénero, nova masculinade, etc.
- Deseño e posta en marcha dun programa socio educativo para o alumno.

**D. Contactar cos profesionais dos Servizos Sociais (traballador/a social e/ou educador/a), tal e como se establece nos protocolos de abordaxe de condutas contrarias á convivencia, que poderán, á súa vez e no marco do ordenamento, recadar a colaboración do CIM de Monforte.**

No suposto de que exista sospeita de que unha alumna está sufrindo violencia de xénero por parte da súa parella (sexa ou non alumno do centro) levarase a cabo unha investigación, a través da posta en marcha dun equipo de traballo formado polo departamento de orientación, representante da directiva do centro, titora ou titor da alumna (e do alumno se o agresor acode ao mesmo centro) e persoal docente máis próximo á alumna, que levarán a cabo as seguintes actuacións:

- Observación sistemática dos indicadores compatibles coa existencia de violencia de xénero (síntomas ou sinais de alarma) e análise dos mesmos e da súa evolución.
- Planificación e realización de entrevistas entre a comunidade educativa que permita extraer información sobre a existencia da situación de violencia de xénero.
- Seguimento e protección da alumna por parte das persoas que conforman o grupo de traballo.
- Elaboración dun informe coas conclusións e a información obtida, no que se describirán ademais as accións posteriores a levar a cabo.

No suposto de que a violencia de xénero se produza no fogar, o departamento de orientación do centro contactará co persoal do Centro da Información á Muller e cos servizos sociais do concello de residencia da alumna ou do alumno que sofre a violencia de xénero, para establecer e determinar unha estratexia conxunta de actuación coordinada que se integrará no plan de intervención individualizado (ver apartado correspondente).

## 2. Comunicación formal aos organismos correspondentes.

En todo caso a directora ou director do centro trasladará a información ao Observatorio de convivencia do propio centro e a partir de aí estableceranse as modificacións e adaptacións que sexan necesarias no Plan de convivencia, así como a adopción de medidas extraordinarias relativas á loita contra a violencia de xénero.

Tal e como se establece no procedemento de corrección de condutas gravemente contrarias á convivencia, a dirección do centro dará traslado do expediente nos momentos previstos no protocolo de tramitación e normativa que o regula seguindo o previsto tanto na devandita normativa como no Protocolo de protección de datos da Consellería.

## 3. Plan de intervención personalizado e individualizado

Consiste en elaborar un documento no que se contemplen as medidas de actuación a levar a cabo coa alumna que sofre a violencia de xénero ou co alumnado que sofre violencia de xénero no fogar.

O documento estará deseñado e elaborado polo departamento de orientación, equipo directivo e titoras ou titores correspondentes, sen prexuízo de que participe calquera outra persoa da comunidade educativa ou dos servizos sociais comunitarios correspondentes que poidan aportar valor engadido.

O alcance do documento, así como das medidas que nel se contemplen, dependerán da situación concreta, que en termos xerais serían:

1. Articulación da derivación do alumnado aos servizos sociais comunitarios do territorio. Esta derivación farase directamente en caso de apreciarse indicios de desprotección ou a través da familia en caso contrario. Nos casos no que este traslado se produza directamente para salvagardar o interese superior do/da menor, remitiranse os correspondente informes polos medios previstos no Protocolo de protección de datos da Consellería de Educación. En caso contrario, os informes correspondentes derivados da avaliación psicopedagóxica seranlle entregados á familia, que será quen deba trasladalos aos servizos sociais. Dado o presumible carácter dos datos como

especialmente protexidos, nunca se facilitarán por teléfono ou por correo electrónico sen cifrar.

2. Nos casos nos que así o estimen os servizos sociais ou de protección do menor, solicitarase cita para unha reunión presencial que permita facer o seguimento da coordinación e facilitar o proceso de toma de decisións.

Estratexias e accións para prestar apoio social e educativo ao alumnado que sofre a violencia de xénero no marco da atención á diversidade establecido no Decreto 229/2011 (reforzo educativo, adaptación curricular, modificación do sistema de avaliación, atención personalizada a través do departamento de orientación, procura de talleres específicos, participación en actividades extraescolares, etc.) coas que se procura alcanzar os seguintes obxectivos:

- Realizar unha intervención e avaliación educativa con atención especializada.
- Fortalecer a autoestima, así como a súa capacidade de resiliencia.
- Converter a aula e o centro nun lugar que lle transmita seguridade e confianza.
- Facilitar un espazo no que poder manifestar o estado no que se atopa.
- Ofrecer escoita activa, empatía e proximidade.

3. Responsabilidades e planificación temporal da implantación das accións establecidas no Plan de intervención individual:

Designarase a unha persoa responsable de garantir o cumprimento e seguimento das accións, normalmente a titora ou titor do alumnado, co apoio do departamento de orientación.

#### 4. Seguimento e avaliación:

Unha vez elaborado o Plan de intervención e as accións a levar a cabo, a persoa designada como responsable establecerá os fitos de seguimento e control da posta en marcha do plan e cumprimento dos prazos establecidos nel, solicitando información ás persoas implicadas nas diferentes accións.

Ao mesmo tempo levarase a cabo unha avaliación de resultados que permita verificar que existen cambios reais con respecto á situación na que se

atopaba a alumna e o agresor, así como determinar a eficacia e pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo.

A este efecto, programaranse encontros periódicos, especialmente coa alumna que sofre a violencia de xénero.

A dirección do centro responsabilizarase de informar e manter contacto con inspección educativa.

### **C. Recomendación a ter en conta ao longo do procedemento:**

Ao longo dos diferentes procesos que se leven a cabo, débense considerar os seguintes aspectos:

- Garantir a protección da alumna.
- Preservar a súa intimidade e actuar confidencialmente coas familias ou responsables legais.
- Actuar de maneira inmediata.
- Xerar un clima de confianza básica.
- Recoller todo tipo de probas e indicadores da agresión.
- Non duplicar intervencións e evitar dilacións innecesarias.

D. Actuación de emerxencia ante unha situación de violencia de xénero (no fogar ou no centro)

No caso de que se produza unha situación de violencia de xénero no propio centro ou no fogar, aplicarase un itinerario de urxencia e resposta inmediata:

- Atención médica da alumnado agredido: deberá contactarse de xeito inmediato co 061 ou co 112 para solicitar asistencia para a persoa agredida tendo en conta que **en ningún caso debe o centro trasladar o alumando agredido** a un centro médico, tal e como se recolle no Protocolo de atención educativa, urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Se a situación se produce no centro a unha alumna, contacto inmediato coa familia da mesma, para acompañamento e apoio.



- No caso de tratarse de urxencias médicas, contactarase preferentemente co 061; nos casos nos que se requira a intervención das forzas e corpos de seguridade do Estado, o contacto será co 112, que procederá a súa activación (por motivos de seguridade, para solicitar o correspondente atestado ou realizar a denuncia dos feitos.
- Contacto co persoal dos servizos sociais comunitarios para solicitar a derivación formal, de ser o caso.

#### **D. Coordinación con outras áreas**

Ante sospeita da existencia dunha situación de violencia de xénero no fogar por parte do alumnado do centro, o Departamento de orientación contactará telefonicamente cos servizos sociais correspondentes para solicitar información que permita identificar e esclarecer conxuntamente o estado en que se atopa o alumnado.

Se a situación de violencia de xénero a sofre directamente unha alumna do centro, contactarase cos servizos sociais para a derivación da alumna e da súa familia, aos servizos de asesoramento psicolóxico e xurídico.

#### **6.AVALIACIÓN E SEGUIMIENTO:**

Unha vez establecido este Protocolo, é necesario avalialo, para iso podémonos apoiar nos criterios de avaliación que estarán referidos aos obxectivos propostos para o mesmo.

Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos:

- a) Avaliación inicial: Recollida de datos e suxestións sobre este Protocolo nas reunións do Departamento de Orientación, da Comisión de Convivencia, nas reunións cos titores con casos aplicables a este Protocolo, cando as houbese.
- b) Avaliación do proceso: Recollida de información a través das reunións periódicas do D.O e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas, dando a coñecer o funcionamento do mesmo,

e analizando as dificultades que se presentan e propoñendo os cambios necesarios.

c) Avaliación final: inclusión na Memoria do Plan de Igualdade.

Esta memoria será unha síntese reflexiva sobre os logros acadados, as dificultades atopadas, os factores que puideron influír en ambos casos, e no seu caso, os aspectos que será necesario modificar no Protocolo cara o curso próximo.

Os procedementos e instrumentos de que nos serviremos, consisten fundamentalmente na aplicación de cuestionarios e intercambios orais, entrevistas cos destinatarios das intervencións, análise dos niveis de participación nas actividades desenvolvidas, o contraste de experiencias e a autoavaliación.

O momento no que se realizará esta avaliación será o remate do curso académico, valorando os cambios de comportamento e o grao de consecución dos obxectivos perseguidos.

Indicadores de avaliación son a adecuación das actividades propostas, adecuación dos obxectivos previstos inicialmente, a adecuación e suficiencia dos recursos dispoñibles, o grao de colaboración cos servizos sociais implicados e o grao de implicación dos responsables no desenvolvemento das actuacións desenvolvidas.